



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Para os efectos oportunos faise público que con data 20 de decembro de 2019, esta Presidencia ditou o seguinte decreto:

En relación co expediente para a provisión das prazas incluídas na oferta ordinaria de emprego público correspondente ao ano 2017 BOP n.º 297, do 29 de decembro de 2017, e DOG n.º 66, do 5 de abril de 2018.

De conformidade co artigo 34.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, corresponde á Presidencia da Deputación de Ourense a aprobación das bases das probas para a selección de persoal.

Polo exposto acordei:

1º.- Aprobación das bases para a provisión en propiedade das prazas da oferta ordinaria de emprego público do ano 2017, co seguinte contido:

Bases reguladoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na oferta ordinaria de emprego público da Deputación Provincial de Ourense correspondente ao ano 2017

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto destas bases a regulación dos procesos selectivos para a provisión en propiedade das prazas de persoal funcionario de carreira e de persoal laboral da Deputación Provincial de Ourense incluídas na oferta ordinaria de emprego público do ano 2017, aprobada por Decreto da Presidencia do 21 de decembro de 2017 (BOP do 29 de decembro de 2017 e anuncio publicado no DOG do 5 de abril de 2018).

A relación das ditas prazas recóllese na base 18ª.

Segunda.- Lexislación aplicable.

As probas selectivas seralles de aplicación a normativa estatal e autonómica reguladora da selección de persoal funcionario de carreira e laboral fixo ao servizo das administracións locais así como o disposto nesta convocatoria.

Terceira.- Sistemas de selección.

Conforme ao disposto na oferta de emprego público de 2017, e de conformidade co establecido no artigo 61 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBP) e nos artigos 56 e 57 da Lei de emprego público de Galicia (LEPG), establécense como sistema de selección o sistema de concurso-oposición para todas as prazas agás as prazas de promoción interna vertical de funcionarios de carreira e de persoal laboral do subgrupo C2 (auxiliar da administración xeral, chofer/a especialista e albanel) no que o sistema será o de concurso.

Cuarta.- Condicións das persoas aspirantes.

1. Para participar nas probas selectivas, de conformidade co establecido no artigo 56 do TRLEBP, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, e conservarse, cando menos, ata a data da toma de posesión.

a) Nacionalidade: ter a nacionalidade española. Ademais, e conxuntamente co establecido nos artigos 57 do TRLEBP e 52 da LEPG, poderán acceder ás prazas de persoal funcionario de carreira as persoas nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como as persoas estranxeiras que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e as/os seus/súas descendentes e as/os do seu cónxuxe - sempre que non estean separados de dereito - e menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de ser o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais rea-

lizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras.

2. No que atinxe ás prazas de persoal laboral fixo, poderán acceder a elas, ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, as persoas estranxeiras que se atopen residindo legalmente en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

b) Idade: ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Titulación: estar en posesión do título que en cada caso se sinala, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, en cada caso. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegárase no seu día certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación.

d) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectada ou afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con diversidade funcional en igualdade de condicións que as demais persoas aspirantes, segundo o disposto na disposición adicional 19ª da Lei 30/1984, do 2 de agosto na redacción dada pola Lei 53/2003, do 10 de decembro, e normativa de concordante aplicación.

Nesta convocatoria, e dado o número de prazas que se convocan, resérvanse as seguintes prazas para persoas con diversidade funcional (artigos 48 da LEPG e 59 do TRLEBP):

Prazas de acceso libre:

- 1 auxiliar de administración xeral (taxa de consolidación ao abeiro da disposición transitoria 4ª do TRLEBP)
- 1 porteira/o (taxa xeral do 50 %).
- 1 praza para as persoas con diversidade funcional psíquica: 1 operario/a sen cualificar (taxa xeral do 50%).

Praza de promoción interna:

1 praza de auxiliar administrativo.

As persoas con diversidade funcional deberán facer constar na solicitude esa condición, achegando acreditación do recoñecemento da diversidade funcional en grao igual ou superior ao 33%, para os efectos de que a Deputación adopte as medidas precisas para establecer as adaptacións e axustes razoables de tempos e medios no proceso selectivo e, unha vez superado o dito proceso, as adaptacións no posto de traballo ás necesidades das persoas con diversidade funcional, así como para a aplicación da exención das taxas por dereitos de exame.

Cando sexa necesario a adaptación de tempos, levarase a cabo de conformidade co disposto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con diversidade funcional e normativa de concordante aplicación, debendo ser solicitada polas persoas aspirantes.

e) Habilitación: non estar separada ou separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais do Estado ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial firme. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.



f) Non incorrer en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

g) Lingua galega: acreditar o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da LEPG e na forma establecida na base quinta.2.l.d).

No caso de non posuír os certificados será necesario a superación dun exercicio previo e eliminatorio de tradución que constará de dúas probas:

- Unha primeira proba que consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal,

- Unha segunda proba que consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será, en cada caso, dunha hora. Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apto.

h) Os requisitos especiais que se sinalen para cada praza nas normas específicas da base 18ª.

i) Para as prazas de promoción interna de persoal funcionario de carreira e de persoal laboral fixo desta Deputación, as persoas aspirantes deberán ter a condición de persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo desta Corporación, posuír a titulación esixida ou os requisitos que a suplan, segundo as normas específicas de cada praza, e ter unha antigüidade, como mínimo, de 2 anos no subgrupo o grupo de clasificación profesional dende o que pretendan a súa promoción, así como os demais requisitos que se sinalan, para cada grupo de prazas, nas referidas normas. A concorrencia dos ditos requisitos será comprobada de oficio no trámite de admisión de solicitudes.

3. En todo caso, o persoal que ingrese en virtude desta convocatoria quedará obrigado a prestar os servizos na xornada de traballo única ou partida que acorde a Deputación, así como os servizos ou cometidos similares aos das prazas que obteñan, sempre de acordo coas normas xerais que se adopten, sen discriminación, con carácter xeral ou para determinados cometidos e servizos.

Quinta.- Presentación de solicitudes e admisión das persoas aspirantes.

1. O prazo para a presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais seguintes ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE. Previamente publicaranse as bases íntegras no BOP e un anuncio da convocatoria no DOG (artigo 205 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

2. As solicitudes poderanse presentar no Rexistro Xeral da Deputación ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (norma que se estima vixente de acordo co establecido na disposición final 7ª da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas).

As modalidades de presentación serán as seguintes:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa na oficina de asistencia ao cidadán en materia de Rexistro da Deputación Provincial ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

b) De forma telemática, a través do rexistro electrónico xeral da sede electrónica da Deputación Provincial, na dirección <https://sede.depourense.es>

Nas solicitudes farase constar expresamente que a persoa aspirante reúne todas e cada unha das condicións esixidas, referidas á data de expiración do prazo de presentación.

l) Documentación administrativa para a admisión ao concurso-oposición:

a) Modelo normalizado de solicitude que se inclúe nestas bases (anexo I) e que estará dispoñible no portal web corporativo da Deputación de Ourense www.depourense.es.

b) Xustificante de pago da taxa de participación no proceso selectivo. Nos supostos en que as persoas interesadas concorran a máis dunha das categorías convocadas, cada unha delas constituirá un proceso selectivo diferente, debendo aboarse a taxa para cada unha delas. Este modelo estará dispoñible no portal web corporativo da Deputación de Ourense www.depourense.es e nas oficinas do Servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación Provincial de Ourense.

No caso de que a persoa interesada estea exenta por diversidade funcional igual ou superior ao 33%, deberá acreditar esta circunstancia mediante certificación acreditativa expedida polo Instituto Nacional de Seguridade Social.

No caso de que a persoa interesada estea exenta por ter a condición de persoa en situación de desemprego de longa duración, deberá achegar certificación desta situación expedida polo Servizo Público de Emprego. Para estes efectos, entenderase como persoa en situación de desemprego de longa duración aquela que conste inscrita na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 meses ou máis de forma consecutivos ou 18 meses descontinuos.

No caso de que a persoa interesada forme parte dunha familia numerosa e se acolla á bonificación do 50% no pago da taxa, deberá achegar copia do título de familia numerosa expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

c) Copia do diploma ou certificado Celga 2 (para os subgrupos de agrupacións profesionais sen requisito de titulación e C2), Celga 3 (para o subgrupo C1) e Celga 4 (para os subgrupos A1 e A2) que acredite o grao de coñecemento do idioma galego. No caso de non presentar esta documentación, a persoa interesada deberá realizar unha proba de coñecemento de lingua galega na forma establecida na base cuarta.2.g).

II) Documentación para a valoración do concurso:

a) Certificación expedida polo Instituto Nacional da Seguridade Social acreditativa de ter recoñecida unha diversidade funcional en grao igual ou superior ao 33%, de ser o caso.

b) Certificación expedida pola Administración competente dos servizos prestados para o caso de experiencia laboral en administracións públicas

c) Certificado ou informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, para o caso de que se aleguen servizos prestados no sector privado

d) Copia dos contratos de traballo para o caso de que se aleguen servizos prestados no sector privado, na mesma ou análoga categoría para a que se presenta a solicitude.

e) Titulacións académicas, diplomas ou certificados do cursos que se aleguen como mérito para a súa valoración conforme ao baremo recollido na base décima.

Os méritos admisibles e avaliábeis serán unicamente os causados ata a data da presentación de solicitudes.

3. A esixencia da documentación recollida neste apartado motívase pola imposibilidade material, no momento actual, de obter os datos correspondentes nas plataformas de intermediación de datos e redes corporativas das administracións públicas.

4. Non obstante o anterior, non será necesario achegar a documentación sinalada no apartado anterior que xa conste en poder da Deputación Provincial. Deberase indicar esta situación na solicitude, facendo constar a data ou procedemento no que foron achegados.



5. Os requisitos de estar en posesión da titulación esixida, así como os datos de identidade, nacionalidade e residencia serán comprobados de oficio pola Deputación mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos das administracións públicas, sempre que, conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello Europeo do 27 de abril de 2016, relativo á protección dos datos das persoas físicas, as persoas solicitantes fagan constar o seu consentimento expreso na solicitude (anexo I). En caso contrario, as persoas solicitantes deberán achegar copia dos documentos correspondentes (titulación académica que corresponda e DNI ou NIE ou documento equivalente, de ser o caso). Excepcionalmente, se a Deputación non puidese obter os documentos conforme ao previsto neste apartado, poderá solicitarlle á persoa solicitante a súa achega, outorgándolle un prazo de 10 días hábiles.

6. Cando as persoas solicitantes presenten en papel a solicitude e a documentación anexa, deberán presentala na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros da Deputación Provincial ou de calquera outra entidade do sector público ás que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como en representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España. A oficina dixitalizará os documentos, emitindo unha copia electrónica auténtica destes, que se remitirá á unidade administrativa competente pola propia oficina. Os documentos en papel presentados devolveranse no acto ás persoas solicitantes, en unión dun recibo acreditativo da presentación da solicitude e a documentación anexa.

7. A documentación deberá presentarse sen grampar nin encadernar, en follas soltas e ordenadas, para facilitar a súa correcta dixitalización.

8. Alternativamente, poderán presentar a documentación en papel nunha oficina de Correos, que procederá á súa dixitalización e envío electrónico á Deputación a través do servizo de rexistro virtual electrónico coa administración (ORVE) de Correos.

9. Cando as persoas solicitantes opten pola presentación telemática no rexistro electrónico da Deputación, deberán acceder ao rexistro na sede electrónica da Deputación, procedendo do seguinte xeito:

a) En primeiro lugar, deberán proceder a cubrir a solicitude (anexo I) que estará dispoñible na web da Deputación, e a descargalo e gardalo no seu dispositivo electrónico, para logo anexalo no Rexistro Electrónico.

b) En segundo lugar, deberán proceder a dixitalizar e incorporar á solicitude o resto de documentación esixible.

c) Unha vez incorporada a solicitude, procederán a asinala electronicamente e a enviala, xerándose automaticamente o recibo acreditativo da súa presentación. A sinatura electrónica deberá realizarse mediante os sistemas de sinatura electrónica previstos no artigo 10.1, apartado a), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

10. Para calquera consulta ou dúbida poderá contactar co Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior, no teléfono 988 317 570 de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas

11. De cara á axilización na formación das listas provisionais de persoas admitidas e excluídas, recoméndase ás persoas solicitantes que presenten a súa solicitude en rexistros diferentes ao da Deputación Provincial ou a través de correo postal, que adianten copia da solicitude co selo do rexistro de procedencia ou, no seu caso, co selo coa data de presentación en Correos a través do número de fax 988 317 502 ou ao correo electrónico

personal@depourense.es dentro do prazo establecido para a presentación de instancias.

Sexta.-Admisión.

1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia aprobará as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas, no prazo máximo dun mes. Este prazo poderá ser ampliado, cando resulte necesario, ata un máximo de 15 días.

2. As listas provisionais serán expostas, en todo caso, na sede electrónica e na páxina web da Deputación Provincial de Ourense (www.depourense.es) e en cada un dos taboleiros de anuncios con que contén cada unha das instalacións provinciais, concedéndose un prazo de dez días hábiles para os efectos de reclamacións e corrección de deficiencias, conforme ao artigo 68 da Lei 39/2015. Se as houbese, serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública na mesma forma. Esta última data será determinante dos prazos para impugnacións ou recursos.

3. A lista provisional elevarase a definitiva polo transcurso do prazo de reclamacións, se non as houbese. No caso contrario, exporase de novo a lista definitiva, no mesmo lugar que a provisional, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación nun prazo máximo dun mes a partir da finalización do prazo de reclamacións.

4. O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas, con carácter definitivo, a posesión dos requisitos exixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

Sétima.- Protección de datos.

1. O tratamento pola Deputación dos datos persoais da persoa solicitante achegados coa

solicitude baséase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas, no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 8.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixidas nesta bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación de emprego no sector público así como para a valoración das solicitudes.

En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos á Deputación determinará a exclusión da persoa solicitante do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas, no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase ás persoas interesadas do seguinte:

a) A responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio, para os efectos de notificacións na rúa Progreso, núm. 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988 317 500 e correo electrónico: DPO@depourense.es.

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario local da Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio, para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988 317 500 e correo electrónico: DPO@depourense.es



c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación do emprego público do sector público, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para a súa admisión e á valoración da súa solicitude. Publicaranse na sede electrónica da Deputación as listas provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas, as actas dos tribunais cualificadores e a resolución de nomeamento. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de cinco anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida a publicación de oficio pola Deputación ou ben a solicitude das persoas interesadas, dirixida ao responsable do tratamento.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade de coñecer eses datos para o cumprimento das obrigas legais que lle impón a lexislación do emprego público á Deputación (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679). No caso dos datos necesarios para acreditar o cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e a valoración de solicitudes, a necesidade de coñecer eses datos é para satisfacer a finalidade de interese público (organización e xestión do emprego público provincial) perseguida coa convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado da Deputación para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de persoas solicitantes ou aos seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos.

- Aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos administrativos e xudiciais que poidan interpoñerse contra os actos e resolucións susceptibles de recurso, así como aos membros dos tribunais cualificadores, Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións dos tribunais e desas autoridades públicas.

- Aos deputados provinciais, cando o reclamen, para o exercicio do seu dereito á información.

f) En ningún caso se transferirán os datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) As persoas interesadas poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez finalizado o procedemento, sempre que conste a firmeza do acto administrativo que lle poña fin e transcorrese o prazo sinalado na letra c) anterior desta base.

Poderá formularse, igualmente, a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular da persoa interesada, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación.

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación neste procedemento.

i) En todo caso, a persoa interesada poderá formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de

perfis persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamento diferentes aos expresamente previstos nesta base.

l) Respecto das persoas que participen nas quendas por diversidade funcional, a publicación da súa identidade realizarase mediante o número completo do seu documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro, pasaporte ou documento equivalente, salvo que manifeste previa e expresamente o seu consentimento á publicación do seu nome completo. Neste último caso, identificarase, ao igual que o resto de aspirantes, mediante a publicación do nome e apelidos engadindo catro cifras numéricas aleatorias do seu documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro, pasaporte ou documento equivalente.

Oitava.- Tribunais de selección.

1. O tribunal de selección estará formado por seis membros, integrándose pola Presidencia, catro vogais e secretaría que actuará con voz pero sen voto. As persoas membros do tribunal deberán ter a condición de persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo de calquera administración pública.

A súa composición será estritamente técnica e deberán posuír unha titulación académica que acredite coñecementos nas materias que integren o temario do proceso selectivo.

Na medida do posible tenderase a respectar a paridade na súa composición de conformidade co establecido no artigo 60 do TRLEBP e 48 do Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro.

2. As persoas membros do tribunal con dereito a voto serán designadas mediante sorteo que se realizará en acto público. A data do sorteo será o día no que se cumpra o prazo dun mes dende a publicación desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado. O sorteo realizarase na sala de xuntas da Deputación Provincial de Ourense. No suposto de que a data coincida con sábado, domingo ou día festivo, o sorteo realizarase no primeiro día hábil seguinte. Para o suposto de que a data coincida cun día que non existe no calendario, o sorteo realizarase o último día do mes seguinte ao da publicación, sempre que non sexa sábado, domingo ou día festivo que, de ser o caso, pasaría ao primeiro día hábil seguinte (por exemplo: se se publica a convocatoria no BOE o 30 de xaneiro, a data do sorteo será o último día do mes de febreiro, sempre que non sexa sábado, domingo ou día festivo, suposto no que pasaría ao primeiro día hábil).

3. A Presidencia e dúas persoas vogais serán elixidas por sorteo entre persoas empregadas públicas da Deputación Provincial de Ourense. As persoas vogais restantes deberán ser persoas empregadas públicas pertencentes a outras administracións públicas galegas diferentes á Deputación Provincial de Ourense a ás súas entidades dependentes. A secretaría do tribunal será designada pola Presidencia, entre persoas funcionarias do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial.

No sorteo designarase unha persoa titular e tres suplentes por cada posto do tribunal. Para garantir a maior paridade posible na composición do tribunal, as persoas candidatas agruparanse en listas diferenciadas por sexos para cada categoría profesional, elixíndose alternativamente un home e unha muller de cada categoría. No suposto de categorías profesionais para as que non exista máis dun posto na composición do tribunal, empregárase a lista conxunta de homes e mulleres desa categoría. No suposto de que o número de membros dunha deter-



minada categoría sexa impar, a persoa correspondente ao número impar elixírase entre a lista conxunta de homes e mulleres desa categoría.

As persoas membros do tribunal estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, así como cando realízaen tarefas de preparación de persoas aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación destas bases. O incidente de recusación poderá formularse en calquera momento do procedemento anterior á data de realización das probas.

O resultado do sorteo farase público no propio acto da súa realización e na sede electrónica da Deputación. Seguidamente, abrírase un prazo de dez días hábiles para a formulación de reclamacións por parte das persoas interesadas.

4. Os tribunais de selección actuarán con plena autonomía no exercicio das súas funcións, non estando suxeitos a instrucións de ningún tipo por parte dos órganos da Deputación. A Deputación porá á súa disposición os medios materiais que precisen para a realización do seu cometido. En casos xustificadas, os tribunais de selección poderán solicitar a contratación de persoal asesor técnico especializado para a realización e avaliación das probas selectivas. Estas persoas colaborarán co tribunal exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas e deberán comparecer a título individual, con voz e sen voto, debendo cumprir os requisitos que para a participación en condición de membros dos órganos de selección establece a lexislación vixente.

5. O tribunal de selección non poderá constituírse sen a presenza de máis da metade das persoas que o conformen, sendo en todo caso necesaria á da Presidencia e da secretaría. As súas decisións adoptaranse por maioría.

6. Correspóndelle á Presidencia do tribunal acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegurar o cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

7. A secretaría, que intervirá con voz e sen voto, custodiará os exames e actas e elaborará as actas dos acordos. Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

8. Co fin de que a participación das persoas empregadas públicas dos tribunais de selección non supoña unha redución da súa dedicación aos seus postos de traballo nas administracións públicas, os tribunais realizarán as probas selectivas e as súas reunións de traballo fóra da súa xornada laboral. Todas as persoas que forman parte do tribunal de selección terán dereito a recibir as correspondentes indemnizacións ou axudas de custo de conformidade coa lexislación vixente.

9. No que se refire ás prazas de arquitecto/a (subgrupo A1), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: secretaría de Administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, letrado/a, arquitecto/a e enxeñeiro/a de obras e servizos provinciais.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías seguintes: enxeñeiro/a de obras e servizos provinciais e arquitecto/a, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal

entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

10. No que se refire á praza de técnico especialista en recursos humanos e formación profesional (subgrupo A2), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: secretaría de Administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, letrado/a, técnico/a superior en desenvolvemento local e recursos europeos, técnico/a superior en prevención de riscos laborais, técnico/a especialista en recursos humanos e formación profesional, técnico/a especialista en desenvolvemento local e recursos europeos, xestor de administración xeral e técnico/a especialista en prevención de riscos laborais.

11. No que se refire ás prazas de operarios sen cualificación (subgrupo AP), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as de calquera categoría.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías seguintes: secretaría de Administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, letrado/a técnico/a superior de administración xeral, xestor/a de administración xeral ou administrativo/a de administración xeral, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

12. No que se refire ás prazas de porteiro/a (subgrupo AP), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as de calquera categoría.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías seguintes: secretaría de Administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, letrado/a técnico/a superior de administración xeral, xestor/a de administración xeral ou administrativo/a de administración xeral, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

13. No que se refire á praza de condutor/a de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais (subgrupo C2), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: secretaría de Administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, letrado, enxeñeiro/a de obras e servizos provinciais, enxeñeiro/a superior industrial, arquitecto/a, técnico/a superior en prevención de riscos laborais, enxeñeiro/a técnico de obras públicas, enxeñeiro/a técnico agrícola, enxeñeiro técnico industrial, enxeñeiro/a técnico forestal, arquitecto/a técnico, técnico especialista en prevención de riscos laborais, oficial de obras e servizos, oficial técnico de obras, técnico/a auxiliar agrícola oficial técnico/a en seguridade e saúde, oficial de explotacións agropecuarias, axudante de obras e servizos, condutor/a de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais,



chofer especialista, oficial de taller, mecánico/a-electricista-soldador/a, tractorista, condutor/a especialista de explotacións agropecuarias e bombeiro/a chofer/esa.

En todo caso, cando menos, dúas das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías de chofer especialista, condutor/a de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais ou condutor/a especialista de explotacións agropecuarias, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

14. No que se refire á praza de chapista (subgrupo C2), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: enxeñeiro/a de obras e servizos provinciais, enxeñeiro/a superior industrial, técnico superior de laboratorio, técnico/a superior en prevención de riscos laborais, enxeñeiro/a técnico de obras públicas, enxeñeiro/a técnico agrícola, enxeñeiro técnico industrial, enxeñeiro/a técnico forestal, técnico especialista en prevención de riscos laborais, técnico/a especialista en laboratorio, oficial de obras e servizos, oficial técnico de obras, oficial técnico/a en seguridade e saúde, condutor/a de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais, oficial de taller, mecánico/a, electricista, soldador/a e chapista.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías seguintes: enxeñeiro/a de obras e servizos provinciais, enxeñeiro/a superior industrial, enxeñeiro/a técnico de obras públicas, enxeñeiro técnico industrial, condutor/a de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais, oficial de taller, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

15. No que se refire á praza de técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información (subgrupo a1), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: secretaría de Administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, letrado, enxeñeiro/a superior industrial e técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías de secretaría de Administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral e técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

16. No que se refire ás prazas de técnicos/as superiores de desenvolvemento local e fondos europeos (subgrupo A1), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: secretaría de Administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, letrado/a da Deputación Provincial, enxeñeiro/a de obras e ser-

vizos provinciais, enxeñeiro/a superior industrial, arquitecto/a, técnico/a superior en desenvolvemento local e recursos europeos, técnico/a superior en administración cultural, técnico/a superior en prevención de riscos laborais e técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías de técnico/a superior de administración xeral e técnico/a superior en desenvolvemento local e recursos europeos, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

17. No que se refire á praza de técnico /a especialista en desenvolvemento local e fondos europeos (subgrupo A2), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: secretaría de Administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, letrado, enxeñeiro/a de obras e servizos provinciais, técnico/a superior en desenvolvemento local e recursos europeos, técnico/a superior en administración cultural, técnico/a superior en prevención de riscos laborais, xestor/a de administración xeral, enxeñeiro/a técnico de obras públicas, enxeñeiro/a técnico agrícola, enxeñeiro técnico industrial, enxeñeiro/a técnico forestal, técnico/a especialista en recursos humanos e formación profesional, técnico/a especialista en desenvolvemento local e recursos europeos, técnico/a especialista en xestión tributaria e recadación, técnico/a especialista en xestión orzamentaria e contable, técnico especialista en prevención de riscos laborais e técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías de: técnico/a superior de administración xeral, xestor/a de administración xeral, técnico/a superior en desenvolvemento local e recursos europeos, técnico/a especialista en desenvolvemento local e recursos europeos, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

No que se refire á praza de traballador social (subgrupo A2), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: secretaría de Administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, letrado, técnico/a superior en desenvolvemento local e recursos europeos, técnico/a superior en prevención de riscos laborais, xestor/a de administración xeral, técnico/a especialista en recursos humanos e formación profesional, técnico especialista en desenvolvemento local e recursos europeos e asistente/a social.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías de técnico/a superior de administración xeral, técnico superior en desenvolvemento local e recursos europeos, técnico especialista en desenvolvemento local e recursos europeos, xestor/a de administración xeral e asistente/a social, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sor-



teándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

18. No que se refire ás prazas de chofer/esas operarios de lixo (subgrupo C2), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: secretaria de Administración local, secretaria-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, letrado, enxeñeiro/a de obras e servizos provinciais, enxeñeiro/a superior industrial, veterinario/a, técnico/a superior en prevención de riscos laborais, enxeñeiro/a técnico de obras públicas, enxeñeiro/a técnico agrícola, enxeñeiro técnico industrial, enxeñeiro/a técnico forestal, técnico especialista en prevención de riscos laborais, oficial de obras e servizos, oficial técnico de obras, administrativo/a de administración xeral, oficial técnico/a en seguridade e saúde, condutor/a de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais, chofer especialista, oficial de taller, mecánico/a-electricista-soldador/a, chapista, tractorista, condutor/a especialista de explotacións agropecuarias e chofer de Presidencia.

En todo caso, cando menos, dúas das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías de chofer especialista, condutor/a de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais ou condutor/a especialista de explotacións agropecuarias, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

19. No que se refire á praza de coordinador de actividades deportivas (subgrupo C1), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: secretaria de Administración local, secretaria-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, letrado, enxeñeiro/a de obras e servizos provinciais, enxeñeiro/a superior industrial, arquitecto/a, técnico/a superior en desenvolvemento local e recursos europeos, técnico/a superior en administración cultural, técnico/a superior en prevención de riscos laborais, técnico/a superior en xestión de instalacións deportivas, xestor/a de administración xeral, enxeñeiro/a técnico de obras públicas, enxeñeiro/a técnico agrícola, enxeñeiro técnico industrial, enxeñeiro/a técnico forestal, arquitecto/a técnico, técnico/a especialista en recursos humanos e formación profesional, técnico/a especialista en prevención de riscos laborais, xestor/a de administración cultural, administrativo/a de administración xeral e oficial técnico/a en seguridade e saúde e coordinador de actividades deportivas.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías de técnico/a superior de administración xeral, xestor/a de administración xeral, técnico/a superior en xestión de instalacións deportivas municipais e coordinador de actividades deportivas, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior (incluídas as dúas sinaladas).

20. No que se refire ás prazas de monitores/as deportivos/as (subgrupo C2), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal

de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: secretaria de Administración local, secretaria-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, letrado, técnico/a superior en administración cultural, técnico/a superior en prevención de riscos laborais, técnico/a superior en xestión de instalacións deportivas, xestor/a de administración xeral, coordinador de actividades deportivas, técnico especialista en prevención de riscos laborais, xestor/a de administración cultural, oficial técnico/a en seguridade e saúde, monitor/a deportivo de sala fitness e monitor/a de lecer no rural.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías de técnico/a superior de administración xeral, xestor/a de administración xeral, técnico/a superior en xestión de instalacións deportivas, coordinador de actividades deportivas e monitor/a deportivo de sala fitness, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

21. No que se refire á praza de monitor/a de lecer no rural (subgrupo C1), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: secretaria de Administración local, secretaria-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, técnico/a superior en desenvolvemento local e recursos europeos, técnico/a superior en administración cultural, técnico/a superior en prevención de riscos laborais, técnico/a superior en xestión de instalacións deportivas, xestor/a de administración xeral, técnico/a especialista en recursos humanos e formación profesional, técnico/a especialista en desenvolvemento local e recursos europeos, técnico especialista en prevención de riscos laborais, técnico/a especialista en medio ambiente, asistente/a social, oficial técnico/a en seguridade e saúde, oficial de explotacións agropecuarias e técnico auxiliar de medio ambiente.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías de técnico/a superior de administración xeral e xestor/a de administración xeral, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destes dous/dúas membros do tribunal exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

22. No que se refire ás prazas de mestre de talla en madeira a tempo parcial (subgrupo C1), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: secretaria de Administración local, secretaria-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, letrado, arquitecto/a, técnico/a superior en administración cultural, xestor/a de administración xeral, enxeñeiro/a técnico de obras públicas, profesor superior de gaita, profesor/a superior de danzas, pandeireta e canto, oficial de obras e servizos, oficial técnico de obras, xestor/a de administración cultural, profesor axudante de gaita e profesor axudante de danzas, pandeireta e canto.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías de técnico/a superior de administración xeral, xestor/a



de administración xeral, técnico/a superior en administración cultural e xestor/a de administración cultural, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

23. No que se refire ás prazas de mestre de cerámica e olería a tempo parcial (subgrupo C1), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: secretaría de Administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, letrado, arquitecto/a, técnico/a superior en administración cultural, xestor/a de administración xeral, enxeñeiro/a técnico de obras públicas, profesor superior de gaita, profesor/a superior de danzas, pandeireta e canto, oficial de obras e servizos, oficial técnico de obras, xestor/a de administración cultural, profesor axudante de gaita e profesor axudante de danzas, pandeireta e canto.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías de técnico/a superior de administración xeral, xestor/a de administración xeral, técnico/a superior en administración cultural e xestor/a de administración cultural, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

24. No que se refire ás prazas de mestre de debuxo a tempo parcial (subgrupo C1), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: secretaría de Administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, letrado, arquitecto/a, técnico/a superior en administración cultural, xestor/a de administración xeral, enxeñeiro/a técnico de obras públicas, profesor superior de gaita, profesor/a superior de danzas, pandeireta e canto, oficial de obras e servizos, oficial técnico de obras, xestor/a de administración cultural, profesor axudante de gaita e profesor axudante de danzas, pandeireta e canto.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías de técnico/a superior de administración xeral, xestor/a de administración xeral, técnico/a superior en administración cultural e xestor/a de administración cultural, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

25. No que se refire ás prazas de mestre de modelado de barro a tempo parcial (subgrupo C1), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: secretaría de Administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, letrado, arquitecto/a, técnico/a superior en administración cultural, xestor/a de administración xeral, enxeñeiro/a técnico de obras públicas, profesor superior de gaita, profesor/a superior de danzas, pandeireta e canto, oficial de obras e servizos, oficial

técnico de obras, xestor/a de administración cultural, profesor axudante de gaita e profesor axudante de danzas, pandeireta e canto.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías de técnico/a superior de administración xeral, xestor/a de administración xeral, técnico/a superior en administración cultural e xestor/a de administración cultural, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

26. No que se refire á praza de operario do centro recollida de animais abandonados (subgrupo AP), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: secretaría de Administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, letrado, enxeñeiro/a de obras e servizos provinciais, enxeñeiro/a superior industrial, veterinario/a, técnico superior de laboratorio, técnico/a superior en prevención de riscos laborais, xestor/a de administración xeral, enxeñeiro/a técnico de obras públicas, enxeñeiro/a técnico agrícola, enxeñeiro/a técnico industrial, enxeñeiro/a técnico forestal, técnico especialista en laboratorio, técnico especialista en prevención de riscos laborais, técnico/a especialista en medio ambiente, técnico/a auxiliar en medio ambiente, oficial de obras e servizos, oficial técnico de obras, técnico/a auxiliar agrícola, administrativo/a de administración xeral, oficial técnico/a en seguridade e saúde, oficial de explotacións agropecuarias, oficial de edificios e instalacións, auxiliar de servizos, auxiliar de servizos de recollida de animais abandonados, capataz de explotacións agropecuarias e capataz de zonas verdes e limpeza viaria.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías seguintes: técnico/a superior de administración xeral, xestor/a de administración xeral, enxeñeiro/a de obras e servizos provinciais, enxeñeiro/a superior industrial, veterinario/a, técnico/a superior de laboratorio, técnico/a especialista en laboratorio, enxeñeiro/a técnico de obras públicas, enxeñeiro/a técnico agrícola, enxeñeiro/a técnico industrial, enxeñeiro/a técnico forestal, técnico/a auxiliar agrícola, técnico/a especialista en medio ambiente, técnico/a auxiliar en medio ambiente, auxiliar de servizos de recollida de animais abandonados, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

27. No que se refire á praza de administrativo de administración xeral (subgrupo C1), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: secretaría de Administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, letrado, técnico/a superior en desenvolvemento local e recursos europeos, técnico/a superior en xestión tributaria e recadación, técnico/a superior en xestión orzamentaria e contable, técnico/a superior en administración cultural, técnico/a superior en xestión de instalacións deportivas, técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información, tradutor de lingua



galega, xestor/a de administración xeral, técnico/a especialista en recursos humanos e formación profesional, técnico/a especialista en desenvolvemento local e recursos europeos, técnico/a especialista en xestión tributaria e recadación, técnico/a especialista en xestión orzamentaria e contable, xestor/a de administración cultural, administrativo/a de administración xeral e técnico/a auxiliar informático.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías seguintes: secretaría de Administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, xestor/a de administración xeral, administrativo/a de administración xeral, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

28. No que se refire ás prazas de auxiliares de administración xeral (subgrupo C2), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: secretaría de administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, letrado, técnico/a superior en desenvolvemento local e recursos europeos, técnico/a superior en xestión tributaria e recadación, técnico/a superior en xestión orzamentaria e contable, técnico/a superior en administración cultural, técnico/a superior en xestión de instalacións deportivas, técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información, tradutor de lingua galega, xestor/a de administración xeral, técnico/a especialista en recursos humanos e formación profesional, técnico/a especialista en desenvolvemento local e recursos europeos, técnico/a especialista en xestión tributaria e recadación, técnico/a especialista en xestión orzamentaria e contable, xestor/a de administración cultural, administrativo/a de administración xeral, auxiliares e técnico/a auxiliar informático.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías seguintes: secretaría de Administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, xestor/a de administración xeral, administrativo/a de administración xeral, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

29. No que se refire ás prazas de porteiros (subgrupo AP), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán en calquera categoría.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías seguintes: secretaría de Administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, letrado/a técnico/a superior de administración xeral, xestor/a de administración xeral ou administrativo/a de administración xeral, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

30. No que se refire ás prazas de chofer/esas, os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: secretaría de Administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, letrado, enxeñeiro/a de obras e servizos provinciais, enxeñeiro/a superior industrial, técnico/a superior en prevención de riscos laborais, xestor/a de administración xeral, enxeñeiro/a técnico de obras públicas, enxeñeiro/a técnico agrícola, enxeñeiro técnico industrial, enxeñeiro/a técnico forestal, oficial de obras e servizos, oficial técnico de obras, administrativo/a de administración xeral, auxiliar de administración xeral, técnico/a auxiliar agrícola, oficial técnico/a en seguridade e saúde, condutor/a de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais, chofer especialista, oficial de taller, mecánico/a-electricista-soldador/a chapista, tractorista, condutor/a especialista de explotacións agropecuarias, bombeiro/a-chofer/esa e chofer de Presidencia.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías seguintes: técnico/a superior de administración xeral, xestor/a de administración xeral, administrativo/a de administración xeral, auxiliar de administración xeral, chofer de presidencia, condutor/a de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais, chofer especialista, bombeiro/a-chofer/esa, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

31. No que se refire á praza de operario de lixo, os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer as persoas que forman parte do tribunal de selección, entre as que se realizará o sorteo correspondente serán as seguintes: secretaría de Administración local, secretaría-intervención, intervención-tesourería, técnico/a superior de administración xeral, técnico superior en administración financeira e tributaria, letrado, enxeñeiro/a de obras e servizos provinciais, enxeñeiro/a superior industrial, técnico/a superior en prevención de riscos laborais, técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información, veterinario/a, técnico superior de laboratorio, técnico/a especialista en laboratorio, xestor de administración xeral, enxeñeiro/a técnico de obras públicas, enxeñeiro/a técnico agrícola, enxeñeiro técnico industrial, enxeñeiro/a técnico forestal, técnico/a especialista en recursos humanos e formación profesional, técnico especialista en prevención de riscos laborais, técnico/a especialista en medio ambiente, oficial de obras e servizos, oficial técnico de obras, técnico/a auxiliar agrícola, oficial técnico/a en seguridade e saúde, rexente de edificios e instalacións, oficial de explotacións agropecuarias, oficial de edificios e instalacións, técnico/a auxiliar en medio ambiente, oficial de taller, axudante de obras e servizos, auxiliar de servizos, auxiliar de servizos de recollida de animais abandonados, auxiliar técnico de obras, auxiliar técnico de laboratorio, mecánico/a-electricista-soldador/a, capataz de explotacións agropecuarias, capataz de zonas verdes e limpeza viaria, operario/a de mantemento, peón agrícola, operario/a limpador/a e porteiro/a.

En todo caso, cando menos, a Presidencia do tribunal e unha das persoas vogais deberán pertencer necesariamente ás categorías de técnico/a superior de administración xeral, xestor/a de administración xeral, veterinario/a, técnico superior de laboratorio, técnico/a especialista en laboratorio, enxeñeiro/a

técnico de obras públicas, enxeñeiro/a técnico agrícola, enxeñeiro técnico industrial, enxeñeiro/a técnico forestal, polo que se realizará un sorteo diferenciado para a elección destas dúas persoas exclusivamente entre o persoal desas categorías, sorteándose o resto de postos do tribunal entre o persoal provincial ou doutras administracións públicas de calquera das categorías indicadas no parágrafo anterior.

Novena.- Funcionamento do tribunal.

1. Os tribunais de selección desenvolverán as súas sesións cando sexan convocados por orde da Presidencia do tribunal, ben coa presenza física das persoas que os compoñan nun mesmo lugar, ou ben a distancia (é dicir, podéndose atopar en distintos lugares).

No caso de que se acorde a realización de sesións a distancia deberán respectar os trámites esenciais establecido nos artigos 17, 18 e 19 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público. Estas sesións realizaranse utilizando os servizos subministrados a través da Rede corporativa provincial.

2. O tribunal deberá, na sesión constitutiva, pronunciarse sobre a utilización ou non de medios electrónicos relativo ao desenvolvemento das sesións dos órganos de selección. Esta decisión recollerase na correspondente acta e só poderá modificarse por causa xustificada mediante novo acordo, debidamente motivado. Daráselle publicidade ao acordo adoptado a través da páxina web provincial.

3. A convocatoria a distancia do tribunal cualificador será notificada ás persoas que o compoñan por correo electrónico enviado pola secretaría do tribunal e especificará:

- a) O medio electrónico polo que se realizará a reunión e o acceso a este mediante o correspondente código.
- b) O medio electrónico polo que se poderá consultar a documentación.
- c) O modo de participar nos debates e deliberacións e o período de tempo durante o que terá lugar a reunión.
- d) O medio de emisión do voto e o período de tempo durante o que se poderá votar, debendo garantirse a identidade do emisor.
- e) O medio de difusión das actas das sesións e o período durante o que se poderán consultar polas persoas que formen parte do tribunal.

A secretaría do tribunal deberá confirmar a recepción da convocatoria por parte das persoas que formen parte do tribunal, salvo que esta se poida acreditar por medios electrónicos.

4. As sesións a distancia poderán realizarse mediante videoconferencia ou a través de calquera sistema electrónico que o permita, en cuxo caso:

- a) A convocatoria do órgano e o achegamento da documentación necesaria realizarase conforme ao disposto no punto anterior.
- b) A sesión se realizará garantindo o recoñecemento das persoas intervinientes e a comunicación entre elas.
- c) As votacións poderán ter lugar por mera expresión verbal do sentido do voto.

Previamente á convocatoria das sesións a distancia, articularase tecnicamente, con indicación do soporte e a aplicación informática, o sistema que permita a realización das reunións por medios electrónicos, o cal reunirá as seguintes características:

- a) Garantirá a seguridade, integridade, confidencialidade e autenticidade da información, para cuxo fin se porá a disposición das persoas que formen parte do tribunal un servizo electrónico de acceso restrinxido.
- b) Organizará a información en niveis de acceso cando sexa preciso.

c) Articulará un medio para incorporar ás actas das sesións e a constancia das comunicacións producidas.

As actas das sesións a distancia e demais documentos do tribunal relativos ás ditas sesións, estarán arquivados electronicamente con todas as garantías adecuadas para súa autenticidade e conservación.

As sesións dos tribunais de selección que se vaian realizar a distancia con medios electrónicos poderanse desenvolver de maneira sincrónica o diacrónicas:

- Desenvolvemento das reunións a distancia sincrónicas.

Na data e na hora sinalada na convocatoria a persoa que forme parte do tribunal deberá acceder a través do medio indicado nesta á sesión do tribunal de selección, utilizando o código de sesión que figurará na citación, que será persoal, secreto e único para cada sesión.

En primeiro lugar, cada persoa que forme parte do tribunal se identificará ante a secretaría do tribunal, que dará fe de súa presenza, corroborando este extremo mediante o envío dunha notificación que confirmará o código secreto persoal.

A continuación, e unha vez que dea inicio á reunión a Presidencia do tribunal, cada unha das persoas que formen parte do tribunal intervirá na sesión solicitando a súa quenda de palabra á Presidencia mediante o sistema que se estipule no medio utilizado para a realización da reunión a distancia. Debidamente autorizado pola Presidencia, a persoa que forme parte do tribunal intervirá na súa quenda e trasladará por escrito aquelas partes de súa intervención que queira que se recollan na acta da sesión. O medio utilizado para o traslado do mencionado escrito, deberá garantir o seu envío seguro.

A secretaría do tribunal redactará a correspondente acta da reunión, que especificará necesariamente que a reunión se realizou a distancia, as persoas que nela participaron, a orde do día, o lugar onde se realiza, as circunstancias de tempo en que se realizou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

A acta que elabore a secretaría do tribunal deberá levar o visto e prace da Presidencia do tribunal e poderá ser aprobada na mesma reunión ou na inmediata seguinte. A secretaría remitirá a acta a través de medios electrónicos, ás persoas que formen parte do tribunal, que poderán manifestar polos mesmos medios a súa conformidade ou reparos ao texto, para os efectos da súa aprobación, considerándose, en caso afirmativo, aprobada na mesma reunión.

- Desenvolvemento das reunións a distancia diacrónicas.

As reunións diacrónicas dos tribunais de selección serán convocadas especificamente para o debate e aprobación, se procede, de propostas de acordo que requiran dun estudo e análise pormenorizada por parte das persoas que formen parte do tribunal.

A convocatoria especificará a orde do día e, de ser o caso, detalladamente os antecedentes e a proposta de acordo que se somete ao tribunal. Así mesmo, incorporará a indicación de desenvolvemento do debate mediante o establecemento dunha rede de comunicación e intercambios diacrónicos entre as persoas que formen parte do tribunal.

Estas reunións levaranse a cabo exclusivamente mediante a utilización da rede de comunicación ao modo dun foro virtual, polo que no requirirán videoconferencia ni establecemento de comunicación de ningún outro tipo.

A convocatoria especificará claramente o espazo temporal dispoñible para deliberar, debater e votar.

Finalizado o prazo establecido, as persoas que formen parte do tribunal que non emitiran o seu voto, constarán na acta da reunión diacrónica como unha abstención.



Unha vez finalizada a deliberación e o debate, para o depósito do seu voto, deberán realizalo a través dos medios telemáticos postos á súa disposición pola Deputación Provincial de Ourense que deberá garantir a seguridade, integridade, confidencialidade e autenticidade do voto. De todo isto redactará a correspondente acta a secretaría do tribunal na que reflectirá idénticos extremos aos sinalados para as reunións sincrónicas e que será aprobada seguindo as mesmas regras.

5. Unha vez constituído validamente o tribunal, cando algunha das persoas que formen parte se ausente durante a realización ou corrección das probas, a secretaría do tribunal farao constar na correspondente acta.

Se a ausencia ten lugar durante a corrección mediante lectura pública dun exercicio, a secretaría deberá facer constar expresamente tal circunstancia na acta e a persoa ausente non poderá outorgar puntuación ao exercicio realizado.

6. As resolucións do tribunal vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión, conforme ao previsto no artigo 106 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra as resolucións, actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados, poderán interpoñerse os recursos que legalmente procedan en dereito.

Décimo.- Fase de concurso. Puntuación mínima e valoración de méritos xerais.

1. Os concursos-oposicións comezarán pola fase de concurso. O tribunal reunirse coa antelación necesaria para que se cumpra a data de realización dos exercicios e probas.

2. O tribunal valorará os méritos que alegasen e xustificasen as persoas aspirantes na solicitude e documentación anexa, na seguinte forma, agás cando se sinalen outros baremos nas normas específicas de cada praza:

a) Participación en cursos impartidos por centros oficiais ou organizados ou impartidos por centros de formación dependentes das administracións públicas, e sempre relacionados coas funcións propias da praza á que se aspira:

- Por cada curso de 200 ou máis de 200 horas de duración: 2 puntos.

- Por cada curso de 100 ou máis de 100 horas de duración e menos de 200: 1,5 puntos.

- Por cada curso de 60 ou máis horas de duración e menos de 100 horas: 1 punto.

- Por cada curso de 30 ou máis horas e menos de 60 horas: 0,50 puntos.

- Por cada curso de 20 ou máis horas e menos de 30 horas: 0,25 puntos.

Os cursos de galego (cuxas titulacións sexan expedidas ou homologadas polos organismos correspondentes da Xunta de Galicia) sempre están relacionados coas funcións propias da praza á que se aspira.

A puntuación máxima deste apartado será de 4 puntos.

b) Por cada mes de servizo remunerado prestado en postos de traballo correspondentes á mesma categoría profesional da praza á que se aspira, cun máximo de 9 puntos:

- 1) 0,10 puntos por traballos desenvolvidos na Administración pública e

- 2) 0,075 puntos por traballos desenvolvidos en empresas do sector privado.

Os servizos prestados anteriores computaranse ata a data prevista legalmente como último día para presentar as instancias.

c) Por posuír titulación superior ou complementaria á esixida para a praza, e sempre e cando esa titulación permita presumir,

polo contido dos estudos realizados e a súa relación cos cometidos propios da praza, unha maior capacidade profesional:

c.1) Para as prazas do subgrupo A1 e A2:

- Por posuír titulación de grao ou equivalente: 1 puntos

- Por posuír titulación de máster oficial ou equivalente: 1,5 puntos

- Por posuír titulación de doutorado: 2 puntos.

c.2) Para as prazas do subgrupo C1:

- Por posuír titulación de formación profesional específica de grado medio ou equivalente: 0,5 puntos

- Por posuír titulación de técnico superior en formación profesional ou na correspondente especialidade: 1 punto

- Por posuír titulación de grao ou equivalente: 1,50 puntos

- Por posuír titulación de máster oficial ou equivalente: 1,75 puntos

- Por posuír titulación de doutorado: 2 puntos.

c.3) Para as prazas do subgrupo C2:

- Por posuír titulación de bacharelato ou formación profesional específica de grado medio ou equivalente: 0,5 punto.

- Por posuír titulación de técnico superior en formación profesional ou na correspondente especialidade: 1 puntos.

- Por posuír titulación de grao ou equivalente: 1,50 puntos.

- Por posuír titulación de máster oficial ou equivalente: 1,75 puntos.

- Por posuír titulación de doutorado: 2 puntos.

c.4) Para as prazas do subgrupo AP:

- Por posuír titulación de primaria, graduado escolar, certificado de escolaridade ou equivalente: 0,25 puntos

- Por posuír titulación de graduado en ESO ou equivalente: 0,5 punto

- Por posuír titulación de bacharelato, formación profesional específica de grado medio ou equivalente: 1 punto.

- Por posuír titulación de técnico superior en formación profesional ou na correspondente especialidade: 1,25 puntos.

- Por posuír titulación de grao ou equivalente: 1,50 puntos.

- Por posuír titulación de máster oficial ou equivalente: 1,75 puntos.

- Por posuír titulación de doutorado: 2 puntos.

A puntuación máxima deste apartado será de 2 puntos.

Undécimo.- Comezo das probas e orde de actuación das persoas aspirantes.

1. Quince días naturais antes, como mínimo, do comezo dos exercicios, anunciarase na páxina web da Deputación o día, a hora e o lugar no que terán lugar. Os anuncios sucesivos para a realización das restantes probas publicaranse na páxina web da Deputación con, cando menos, setenta e dúas horas de antelación antes do comezo das probas.

2. Os exercicios e as probas practícaranse en chamamento único. A non presentación dunha persoa aspirante a calquera dos exercicios no momento do chamamento, determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no mesmo exercicio e nos sucesivos, quedando excluída, en consecuencia, do procedemento selectivo. Deberán presentarse para a realización de cada exercicio co seu DNI, NIE ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica das probas.

3. Dende a total conclusión dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de setenta e dúas horas, a non ser que todas as persoas que teñan que realizar a respectiva proba acepten expresamente a redución deste prazo. Ata a iniciación do exercicio seguinte non poderán transcorrer máis de corenta días naturais. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en cha-



mamento único, agás nos casos que pola índole da proba non sexa posible a súa realización por todas as persoas aspirantes no mesmo día.

4. A orde na que actuarán as persoas aspirantes naqueles exercicios que non se poidan realizar conxuntamente, iniciárase alfabeticamente polo primeiro da letra Q, de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Facenda do 1247 de xaneiro de 2019 (DOG n.º 25, do 5 de febreiro de 2019).

5. Se a causa de embarazo de risco ou parto debidamente acreditados, algunha das aspirantes non puidese completar o proceso selectivo ou realizar algún exercicio deste, a súa situación quedará condicionada á finalización do proceso e á superación das fases que quedaran aprazadas, non podendo demorarse estas de maneira que se menoscabe o dereito do resto das persoas aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorado polo tribunal, e, en todo caso, a realización das probas terá lugar antes da publicación da lista das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo.

Décimo segunda.- Desenvolvemento das probas e sistemas de cualificación dos exercicios.

1. Para a práctica dos exercicios da fase de oposición, os tribunais poderán requirirllas ás persoas aspirantes, en calquera momento, que acrediten a súa identidade.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase ao coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, excluíráselle desta, tras a audiencia previa da persoa interesada. A exclusión será acordada pola Presidencia da Deputación, a proposta do tribunal.

2. As probas selectivas serán as que se sinalen para cada convocatoria específica, e coas seguintes regras xerais, sen prexuízo do previsto nas referidas convocatorias específicas:

a) Exercicios de tipo test, estes referiranse ás materias propias de cada praza, segundo os programas ou cuestionarios anexos. Valoraranse cun máximo de 10 puntos, declarándose non aptos os que non obteñan 5 puntos. Os test cualificaranse de forma matemática asignándose puntuación positiva aos acertos e non se computarán as erradas nin as deixadas en branco. As preguntas serán como mínimo as seguintes:

- Grupo A1: 90
- Grupo A2: 60
- Grupo C1: 40
- Grupo C2: 20
- Agrupacións profesionais: 10

b) Os exercicios prácticos, tamén obrigatorios e eliminatorios, consistirán na realización ou resolución de cantas cuestións ou casos prácticos sinala o tribunal, no tempo e forma que decida (agás que as bases específicas de determinadas prazas dispoñan outra cousa), e referiranse ás tarefas ou coñecementos esixibles aos postos de traballo correspondentes ás prazas ou categorías profesionais de que se trate. No caso de que a índole dos coñecementos prácticos o permita, poderán realizarse por escrito. Así mesmo, cando as características deste exercicio requira o uso de lexislación, non se permitirá o manexo de textos comentados nin libros de formularios.

Nos casos prácticos, os criterios para a súa avaliación deberán ser fixados polo tribunal e comunicados ás persoas aspirantes antes de se iniciar o exame, e constar na correspondente acta.

O tribunal poderá acordar a lectura dos exercicios polas persoas aspirantes unha vez finalizada a súa realización, sempre en sesión pública. A persoa aspirante que non acuda á lectura pública será declarado non apta ou no apto e, polo tanto, eliminada do proceso selectivo.

A valoración máxima será de 10 puntos, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non acaden 5 puntos.

3. Os exames deberán elaborarse inmediatamente antes de realizarse a proba, tomando como referencia para súa elaboración o propio temario.

4. Para dar cumprimento ao previsto no artigo 51 da LEPG, establécese que os exercicios se redacten e se distribúan tanto en galego ou en castelán, agás naqueles casos en que as bases específicas establezan o contrario, por tratarse de probas que teñan que realizarse en galego por referirse a prazas ou categorías profesionais para o desempeño de postos de traballo que requiran un especial coñecemento desa lingua. En todo caso, os enunciados das probas específicas de coñecemento do idioma galego distribuiranse unicamente nesa lingua.

5. De ser posible, garantirase o anonimato cos medios técnicos dos que dispón a Deputación. Para garantir o anonimato na corrección dos exames escritos, ao finalizar a proba deberá introducirse nun sobre a documentación que acredite a autoría de cada un deles. Este sobre pecharase e selarase e sobre o precinto asinarán todos as persoas que formen parte do tribunal presentes. O sobre quedará baixo a custodia da secretaría do tribunal para a súa apertura en acto público que se realizará unha vez corrixidos os exames.

Os exames escritos deberán dixitalizarse e incorporarse ao correspondente expediente creado previamente no xestor de expedientes da Deputación Provincial de Ourense en presenza da persoa autora. O documento orixinal quedará en posesión do seu autor.

6. A valoración dos exercicios, sempre e cando non consten normas expresas nas distintas prazas, realizarase nos exercicios tipo test, tendo en conta o previsto na letra 2.a) anterior; nos exercicios teóricos valorarase a claridade de exposición e os coñecementos sobre a materia; nos exercicios prácticos valorarase, se é o caso, o acerto na resolución e a calidade e adecuación do razoamento no que se basee a solución proposta pola persoa aspirante (no caso de exercicios prácticos escritos) e o dominio do cometido e a corrección na realización de tarefas ou traballos en que consista a proba.

No prazo máximo de tres días hábiles contado dende a finalización da proba específica, faranse públicas os formularios de correccións daqueles procesos selectivos que inclúa a realización de probas con respostas alternativas.

Décimo terceira.- Puntuación e cualificacións dos exames.

1. No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes acudírase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

a. As mulleres, no suposto de existir infrarrepresentación feminina no correspondente corpo, escala, grupo ou categoría. A infrarrepresentación calcularase de acordo co previsto no artigo 49.2 do Decreto lexislativo 2/2015, 12 de febreiro polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

b. Puntuación obtida nos exercicios da oposición pola súa orde de realización.

c. Puntuación outorgada polos méritos alegados na fase de concurso seguindo a orde establecida.

d. De persistir o empate, resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido e, de ser igual, polo segundo, a partir da letra G establecida na resolución da Consellería de Facenda, do 17 de xaneiro de 2018 (DOG núm. 19, do 26 de xaneiro de 2018).

e. En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

2. A puntuación final e a orde de cualificación das persoas aspirantes que superaran as probas estará determinada pola



suma das puntuacións obtidas na totalidade dos exercicios da oposición e da fase de concurso, que será previa e non eliminatória. A puntuación de cada persoa aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todas as persoas que formen parte do tribunal asistentes á sesión. A puntuación obtida pola persoa aspirante na fase de concurso non poderá exceder do 40% do total da puntuación máxima alcanzable na fase de oposición.

As cualificacións das persoas aspirantes, en cada un dos exercicios, serán publicadas na sede electrónica da Deputación no seguinte día hábil ao de realización da cualificación.

Décimo cuarta.- Publicación de resultados finais e presentación de documentos.

1. Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes, o tribunal publicará na páxina web da Deputación Provincial (www.depourense.es) a relación de persoas que superaron o procedemento por orde de puntuación final, con especificación da cualificación, e elevaralle a devandita relación ao presidente da Deputación para os efectos da tramitación dos nomeamentos.

O tribunal non poderá propoñer o nomeamento ou contratación dun número de persoas superior ao de prazas convocadas, agás cando así o determine a propia convocatoria. Con todo, sempre que propuxesen o nomeamento de igual número de persoas aspirantes que o de prazas convocadas, e con fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias de persoas aspirantes seleccionadas, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano que resolve poderá requirir do tribunal unha relación complementaria de persoas aspirantes que sigan ás persoas propostas, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, nos termos do establecido no TREBEP.

2. A resolución de nomeamento ou contratación corresponde-lle á Presidencia da Deputación, de acordo coa proposta do tribunal, que terá carácter vinculante e publicárase no Boletín Oficial da Provincia. A dita publicación determinará o inicio do cómputo do prazo para a interposición de reclamacións ou recursos que procedan.

3. As persoas aspirantes propostas presentarán no Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Ourense, dentro do prazo de 20 días naturais contados a partir da publicación do resultado final na páxina web da Deputación, os seguintes documentos:

a) Certificado médico oficial no que se acrediten os extremos sinalados na base 4ª d).

b) Declaración baixo a súa responsabilidade de non estar separada ou separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais do Estado ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial firme.

c) No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitada ou inhabilitado ou en situación equivalente nin constar sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

O certificado negativo do Rexistro Central de Penados e Rebeldes, obterase pola Deputación Provincial de Ourense mediante o acceso á Plataforma de intermediación de datos públicos.

Para o suposto de que xa tivese a condición de persoal funcionario público, a persoa aspirante non deberá xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para

obter o seu anterior nomeamento debendo presentar certificación do organismo do que dependa, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folia de servizos, salvo que sexa no Deputación de Ourense que o realizará de oficio.

Décimo quinta.- Nomeamento e toma de posesión.

1. Agás nos casos de forza maior, se dentro do prazo indicado as persoas aspirantes propostas non presentasen a súa documentación ou non acreditasen reunir os requisitos esixidos, non poderán ser nomeados para as prazas, polo que quedará sen efecto todas as actuacións realizadas, declarárase a caducidade da proposta de nomeamento á Presidencia, logo da audiencia previa persoa afectada e sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incurrir por falsidade na solicitude para participar no proceso selectivo.

2. As persoas aspirantes nomeadas deberán tomar posesión no prazo máximo dun mes, contado a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, perdendo a condición de persoal funcionario e/ou todos os dereitos adquiridos en virtude do nomeamento cando, sen causa xustificada, non o fixesen dentro do prazo sinalado. En todo caso, a declaración de caducidade do nomeamento efectuarase a Presidencia da Deputación, tras o expediente contradictorio con audiencia das persoas interesadas.

3. Nos supostos de caducidade dos nomeamentos ou das propostas de nomeamento, así como nos de renuncia, a Presidencia da Deputación requirirá ao tribunal a formulación dunha nova proposta, que incluírá á persoa aspirante inmediatamente seguinte por orde de puntuación que superase todas as probas selectivas.

Décimo sexta.—Incidencias.

1. Estas bases e as súas convocatorias e cantos actos administrativos se deriven destas e da actuación dos tribunais poderán ser impugnadas polas persoas interesadas nos casos, termos e forma que prevé a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas; Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e demais normativa de concordante e procedente aplicación.

Ademais, contra os acordos dos tribunais de selección, as persoas aspirantes poderán interpoñer, con carácter potestativo, reclamación no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte á data da súa publicación na páxina web provincial e no taboleiro de edictos.

O prazo quedará suspendido se a persoa aspirante solicita que se lle poña de manifesto o expediente, polo prazo que transcorra entre a solicitude e o día no que se lle poña de manifesto, establecéndose o prazo máximo de suspensión en 10 días hábiles.

As reclamacións deberán ser resoltas polo tribunal de selección e deberán ser publicadas na páxina web provincial e na sede electrónica da Deputación, sen prexuízo da súa notificación ás persoas reclamantes. A publicación efectuarase xunto co anuncio do lugar e data de realización do seguinte exercicio (salvo que sexa o último).

Contra a desestimación das reclamacións indicadas poderase interpoñer recurso de alzada ante a Presidencia no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

2. O tribunal de selección queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para garantir a transparencia da selección, procurando, na media do



posible, o anonimato das persoas aspirantes durante a realización e corrección das probas selectivas.

Décimo sétima.- Retribucións dos persoas seleccionadas.

Ata tanto se inicie a efectiva prestación dos servizos, as persoas aspirantes non terán dereito a ningunha percepción económica.

Décimo oitava.- Prazas que se convocan. Sistema de selección e títulos esixidos.

1. Prazas de acceso libre:

1.1. Prazas de funcionarios correspondentes á taxa xeral do 50 % de reposición de efectivos:

1.1.1. Un/unha arquitecto/a (A1): título universitario de grao en Arquitectura ou calquera outro título oficial universitario nivel 3 do marco español de cualificacións para a educación superior (nivel 7 do marco europeo de cualificacións) nesta rama do coñecemento.

1.1.2. Un/unha técnico/a especialista en Recursos Humanos e Formación Profesional (A2): título universitario de grao ou calquera outro título oficial universitario con nivel, como mínimo, 2 do marco español de cualificacións para a educación superior (nivel 6 do marco europeo de cualificacións) en calquera rama do coñecemento.

Sistema de selección: concurso - oposición.

1.2. Prazas de persoal laboral fixo correspondentes á taxa xeral do 50 % de reposición de efectivos:

1.2.1. Dous/dúas operarios/as sen cualificar (AP): non é necesario titulación ningunha do sistema educativo.

1.2.2. Un/unha porteiro/a (AP): non é necesario titulación ningunha do sistema educativo.

1.2.3. Un/unha condutor/a de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais (C2): título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, permiso de condución C+E e certificado de aptitude profesional.

1.2.4. Un/unha chapista (C2): título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente.

Sistema de selección: concurso - oposición.

1.3. Prazas de persoal funcionario correspondentes a procesos de consolidación de persoal laboral indefinido non fixo:

1.3.1. Un/unha técnico/a superior de Sistemas e Tecnoloxías da Información (A1): título universitario de grao en Enxeñería Informática, de Sistemas e Servizos de Telecomunicacións, de Redes de Telecomunicación, Electrónica de Telecomunicacións ou en Sistemas de Telecomunicación ou calquera outro título oficial universitario nivel 3 do marco español de cualificacións para a educación superior (nivel 7 do marco europeo de cualificacións) nesta rama do coñecemento.

1.3.2. Dous/dúas técnicos/as superiores de Desenvolvemento Local e Fondos Europeos (A1): título universitario de grao ou calquera outro título oficial universitario nivel 3 do marco español de cualificacións para a educación superior (nivel 7 do marco europeo de cualificacións) en calquera rama do coñecemento.

1.3.3. Un/unha técnico/a especialista en Desenvolvemento Local e Fondos Europeos (A2): título universitario de grao ou calquera outro título oficial universitario con nivel, como mínimo, 2 do marco español de cualificacións para a educación superior (nivel 6 do marco europeo de cualificacións) en calquera rama do coñecemento.

1.3.4. Un/unha traballador/a social (A2): título universitario de grao en Traballo Social ou calquera outro título oficial universitario con nivel, como mínimo, 2 do marco español de cualificacións para a educación superior (nivel 6 do marco europeo de cualificacións) nesta rama do coñecemento.

1.3.5. Un/unha arquitecto/a (A1): título universitario de grao en Arquitectura ou calquera outro título oficial universitario

nivel 3 do marco español de cualificacións para a educación superior (nivel 7 do marco europeo de cualificacións) nesta rama do coñecemento.

Sistema de selección: concurso - oposición.

1.4. Prazas de persoal laboral fixo correspondentes a procesos de consolidación de persoal laboral indefinido non fixo:

1.4.1. Tres choferes/choferesas operarios de lixo (C2): título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, permiso de condución C+E e certificado de aptitude profesional.

1.4.2. Un/unha coordinador/a de actividades deportivas (C1): título de bacharelato, técnico ou equivalente.

1.4.3. Catro monitoras/es deportivos (C2): título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente.

1.4.4. Un/unha monitor/a de lecer no rural (C1): título de bacharelato, técnico ou equivalente.

1.4.5. Un/unha mestre/a de talla en madeira a tempo parcial (C1): título de bacharelato, técnico ou equivalente.

1.4.6. Un/unha mestre/a de cerámica e olaría a tempo parcial (C1): título de bacharelato, técnico.

1.4.7. Un/unha mestre/a de pintura e debuxo a tempo parcial (C1): título de bacharelato, técnico.

1.4.8. Un/unha operario/a lixo (AP): non é necesario titulación ningunha do sistema educativo.

1.4.9. Un/unha operario/a do centro recollida animais abandonados (AP): non é necesario titulación ningunha do sistema educativo.

Sistema de selección: concurso - oposición.

1.5. Prazas de persoal funcionario correspondentes a procesos de consolidación de emprego aos que se refire a disposición transitoria 4ª do Texto refundido do Estatuto básico do empregado público:

1.5.1. Un/unha administrativa/o de administración xeral: título de bacharelato, técnico ou equivalente.

1.5.2. Dous/dúas auxiliares de administración xeral: título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente.

Sistema de selección: concurso - oposición.

1.6. Prazas de persoal laboral fixo correspondentes a procesos de consolidación de emprego aos que se refire a disposición transitoria 4ª do Texto refundido do Estatuto básico do empregado público:

1.6.1. Catro monitores/as deportivos/as: título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente e titulación que habilite para a realización das funcións inherentes a esta praza.

1.6.2. Un/unha porteiro/a: non é necesario titulación ningunha do sistema educativo.

1.6.3. Dous/dúas choferes/as - operarios/as de lixo: título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, permiso de condución C+E, certificado de aptitude profesional e titulación que habilite para a realización das funcións inherentes a esta praza.

1.6.4. Un/unha mestre/a de modelado de barro a tempo parcial: título de bacharelato, técnico ou equivalente e titulación que habilite para a realización das funcións inherentes a esta praza.

Sistema de selección: concurso - oposición.

1.7. Prazas de persoal funcionario correspondentes á taxa adicional do 90 % de consolidación de emprego en determinados sectores:

1.7.1. Un/unha auxiliar de administración xeral: título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente.

Sistema de selección: concurso - oposición.

1.8. I. H) Prazas reservadas para persoas con diversidade funcional: resérvanse para persoas con diversidade funcional as seguintes prazas, das incluídas nos apartados anteriores:



1.8.1. Persoas con diversidade funcional en xeral:

1.8.1.1. Un/unha auxiliar de administración xeral (taxa de consolidación ao abeiro da Disposición transitoria 4ª do TREB-PE): Título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente.

1.8.1.2. Un/unha porteiro/a (taxa xeral do 50 %): non é necesario titulación ningunha do sistema educativo.

1.8.2. Persoas con diversidade funcional psíquica: un/unha operario/a sen cualificar (taxa xeral do 50%): non é necesario titulación ningunha do sistema educativo.

En caso de non cubrirse, estas prazas acumularanse ás de convocatoria ordinaria, podendo ser cubertas por persoas sen diversidade funcional que superen os procesos selectivos correspondentes. Non obstante, esta regra non será de aplicación no caso de que as prazas cubertas por persoas con diversidade funcional sexan menos de dúas. Neste caso, a totalidade das prazas acumularanse na reserva de persoas discapacitadas da oferta pública de emprego da Deputación correspondente a 2018.

2. II. Prazas de promoción interna:

2.1. Prazas funcionarias:

2.1.1. Un/unha técnico/a de administración xeral (A1): título universitario de grao en Dereito, Ciencias Políticas, Económicas ou Empresariais, de grao de Dereito, Ciencias Xurídicas das Administracións Públicas, Ciencias Políticas e das Administracións Públicas, Económicas ou calquera outro título oficial universitario nivel 3 do marco español de cualificacións para a educación superior (nivel 7 do marco europeo de cualificacións) nalguna desas ramas do coñecemento.

2.1.2. Catro administrativos/as de administración xeral (C1): título de bacharelato, técnico ou equivalente ou unha antigüidade de dez anos na subescala C1 ou de cinco anos e a superación dun curso específico de formación.

2.1.3. Dous/dúas auxiliares de administración xeral (C2): título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente.

2.2. Prazas laborais: Dous/dúas choferes/as especialistas: título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, permiso de condución C+E e certificado de aptitude profesional.

2.3. Tres albaneis: título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente. Sistema de selección: concurso - oposición para as prazas de técnico de administración xeral e administrativos/as e a de concurso para as prazas de auxiliar de administración, choferes/as especialistas e albaneis.

2.4. Prazas reservadas para persoas con diversidade funcional: resérvase unha das prazas de auxiliar administrativo: título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente.

En caso de non cubrirse por persoa con diversidade funcional, estas prazas acumularanse ás de convocatoria ordinaria, podendo ser cubertas por persoas sen diversidade funcional que superen os procesos selectivos correspondentes.

Décimo novena.- Dereitos de exame:

Os dereitos de exame serán os seguintes:

- Para as prazas do grupo A1: 19 euros
- Para as prazas do grupo A2: 17 euros
- Para as prazas do grupo C1: 15 euros
- Para as prazas do grupo C2: 13 euros
- Para as prazas de agrupacións profesionais sen requisito de titulación: 10 euros

O ingreso da taxa esixirase en réxime de autoliquidación, utilizando o impreso normalizado que se poderá obter telematicamente, a través da sede electrónica do Deputación de Ourense ou ben de forma presencial na área de recursos humanos do Deputación de Ourense.

Unha vez obtido o impreso de autoliquidación, as persoas interesadas deberán ingresar o importe que corresponda, que se poderá realizar telematicamente ou en calquera entidade de depósito autorizada de acordo co disposto na Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola participación en procesos de selección de persoal da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 166, do 20 de xullo de 2018)

Estarán exentos do pagamento dos dereitos de exame as persoas con diversidade funcional igual ou superior ao 33% e as persoas que acrediten atoparse en situación de desemprego como parados de longa duración. As persoas que formen parte dunha familia numerosa gozarán dunha bonificación do 50%.

No caso de que a persoa interesada estea exenta por diversidade funcional igual ou superior ao 33%, deberá acreditar esta circunstancia mediante certificación acreditativa expedida polo Instituto Nacional de Seguridade Social.

No caso de que a persoa interesada estea exenta por ter a condición de persoa en situación de desemprego de longa duración, deberá achegar certificación desta situación expedida polo Servizo Público de Emprego. Para estes efectos entenderase como persoa en situación de desemprego de longa duración aquela que conste inscrita na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 meses ou máis de forma consecutivos ou 18 meses descontinuos.

No caso de que a persoa interesada forme parte dunha familia numerosa e se acolla á bonificación do 50% no pago da taxa, deberá achegar copia do título de familia numerosa expedido pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Vixésima.- Normas específicas para cada praza.

1. Arquitecta/o (A1):

Exercicios:

1. Teórico- escrito: test sobre as materias do temario: 90 preguntas. A valoración será de 0 a

10 puntos, quedando eliminados os que non obteñan 5 puntos. Tempo de desenvolvemento: unha hora e trinta minutos.

2. Teórico-escrito: consistirá en desenvolver por escrito dous temas do temario; dos que un será da parte II e III e o outro da parte IV, elixidos polos aspirantes de entre catro (dous da parte II e III e dous da parte IV do temario) extraídos ao azar polo tribunal. Valorarase o contido, grao de coñecementos amosado e claridade no desenvolvemento da proba. A valoración será de 0 a 10 puntos, quedando eliminados os que non acaden 5 puntos. Tempo de desenvolvemento: unha hora e trinta minutos.

3. Práctico-escrito: consistirá en desenvolver por escrito un informe con proposta de resolución sobre dous supostos prácticos en relación cos contidos da parte II e III do temario determinados polo tribunal inmediatamente antes da proba. Tempo de desenvolvemento: dúas horas e media (2 horas e 30 minutos). Pódese utilizar lexislación. Valorarase a profundidade de coñecementos, claridade e rigor na exposición e a adecuación das conclusións. A valoración será de 0 a 10 puntos, quedando eliminados os que non obteñan 5 puntos.

Para o fin de cumprir co establecido na base décimo terceira.2, o coeficiente de ponderación para aplicar no resultado da totalidade dos exercicios é de 1,25.

Temario:

Parte I:

Tema 1. A Constitución española. Os principios constitucionais. Estado español como estado social e democrático de dereito. A forma política do Estado: a monarquía parlamentaria. Atribucións da Coroa. Os dereitos fundamentais na Constitución española.

Tema 2. As Cortes Xerais. Congreso dos Deputados e Senado. Composición e funcións. Órganos dependentes das Cortes



Xerais: o Tribunal de Contas e o Defensor do Pobo. O Goberno e o seu presidente. Funcións, réxime e potestades no sistema constitucional español. Composición do Goberno.

Tema 3. A regulación constitucional da Xustiza: o Poder Xudicial. O Consello Xeral do Poder Xudicial: organización e competencias. O Tribunal Supremo. Os tribunais superiores de xustiza. O Ministerio Fiscal. O Tribunal Constitucional.

Tema 4. A organización territorial do Estado: conceptos xerais. As comunidades autónomas.

Tema 5. A autonomía galega: orixe e evolución. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e contido. A reforma do estatuto.

Tema 6. Organización política da Comunidade Autónoma de Galicia. As institucións de autogoberno de Galicia: descrición. Sede. A administración de xustiza de Galicia

Tema 7. O réxime local español: a autonomía local. O municipio: organización fundamental e competencias.

Tema 8. A provincia de réxime común no réxime local español. As deputacións provinciais: organización e competencias.

Tema 9. As administracións públicas na Constitución: principios constitucionais informadores.

Concepto e clases de administración públicas.

Tema 10. A actividade administrativa: a clasificación tradicional das formas de acción administrativa.

Tema 11. As fontes do dereito administrativo: constitución, leis e regulamentos. Referencia ás ordenanzas locais. O acto administrativo: concepto e clases.

Tema 12. O procedemento administrativo: concepto e especialidades. O procedemento administrativo electrónico na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Fases do procedemento e principais trámites.

Tema 13. A expropiación forzosa. Potestade expropiatoria. Natureza e xustificación. Suxeitos do procedemento expropiatorio. O procedemento expropiatorio xeral: tramitación ordinaria e de urxencia. As expropiacións urbanísticas. O prezo xusto. Regras e métodos de valoración dos bens expropiados.

Tema 14. A responsabilidade patrimonial da administración. Requisitos para a súa existencia.

Procedemento para a súa declaración. A potestade sancionadora da Administración. Especialidades do procedemento sancionador. Principios xerais.

Tema 15. O Estatuto básico do empregado público e a Lei do emprego público de Galicia. Clases de persoal ao servizo das administracións públicas. Ordenación da actividade profesional: planificación de recursos humanos e estruturación do emprego público. Selección dos empregados públicos. A carreira administrativa. Provisión de postos de traballo e promoción profesional. Situacións administrativas.

Tema 16. O patrimonio das entidades locais. Clases de bens. Conservación e tutela dos bens. As potestades de investigación, deslinde e recuperación de oficio. Uso dos bens de dominio público local.

Tema 17. O servizo público local. Os servizos mínimos obrigatorios. Os modos de xestión dos servizos públicos. Xestión directa e indirecta.

Tema 18. Orzamentos das entidades locais: principios, integración e documentos de que constan.

Proceso de aprobación de orzamento local. Execución e liquidación do orzamento.

Parte II

Tema 19. Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana: disposicións xerais e condicións básicas da igualdade nos dereitos e deberes constitucionais dos cidadáns.

Tema 20. Bases de réxime do solo, regras de procedemento comúns e normas civís.

Tema 21. Situacións básicas do solo. Iniciativa privada na actividade urbanística. Dereito de superficie.

Tema 22. Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do solo: conceptos e criterios xerais para a realización de valoracións, valoración do solo en situación de solo rural e na situación de solo urbanizado. Indemnizacións e gastos de urbanización.

Tema 23. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento: principios xerais, competencias e organización administrativa.

Tema 24. Clases e categorías de solo. Solo urbano.

Tema 25. Núcleos rurais.

Tema 26. Solo urbanizable.

Tema 27. Solo rústico.

Tema 28. Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento.

Tema 29. Recomendacións da guía de boas prácticas para a intervención en núcleos rurais e da guía de caracterización e integración paisaxística de peches da colección “Paisaxe Galega” da Xunta de Galicia.

Tema 30. Planeamento urbanístico: xeneralidades e límites de sustentabilidade, calidade de vida e cohesión social. Normas de calidade ambiental e paisaxística. Normas de aplicación directa.

Tema 31. O plan básico autonómico de Galicia: Decreto 83/2018, do 26 de xullo.

Tema 32. Os plans básicos municipais.

Tema 33. O plan xeral de ordenación urbana.

Tema 34. O planeamento de desenvolvemento: os plans parciais e os plans especiais.

Tema 35. Outras figuras de planeamento: a delimitación de solo de núcleo rural, os estudos de detalle e os catálogos.

Tema 36. Formulación, elaboración e aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico.

Tema 37. Vixencia, modificación e efectos da aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico. Réxime das edificacións en fóra de ordenación.

Tema 38. Execución de planeamento: Regras xerais de equidistribución.

Tema 39. Sistemas de actuación: disposicións xerais, sistema de cooperación, sistema de expropiación, sistema de concerto e sistema de compensación.

Tema 40. Obtención de sistemas xerais e dotacións públicas.

Tema 41. Os contratos administrativos, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público: concepto e clases de contratos. Peculiaridades dos contratos suxeitos a regulación harmonizada. Procedementos de contratación.

Tema 42. Os contratos administrativos, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público: contido e efectos dos contratos administrativos: prerrogativas da Administración. Cumprimento dos contratos administrativos. Risco e ventura e forza maior na contratación administrativa. A revisión de prezos. Resolución de contratos administrativos.

Tema 43. Os proxectos de urbanización. Execución e conservación das obras de urbanización.

Tema 44. Os patrimonios públicos de Solo.

Tema 45. Deberes dos propietarios dos terreos, construcións e instalacións. As ordes de execución. Execución forzosa e execución subsidiaria.

Tema 46. A declaración de ruína.

Tema 47. Licenzas urbanísticas e comunicacións previas.

Tema 48. Parcelamentos urbanísticos.



Tema 49. Protección da legalidade urbanística.

Tema 50. Infraccións e sancións urbanísticas.

Tema 51. Convenios urbanísticos.

Parte III

Tema 52. Lei 10/95, do 23 de novembro, de ordenación del territorio: disposicións xerais e das directrices de ordenación do territorio.

Tema 53. Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

Tema 54. Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia e Decreto 119/2019, do 28 de xullo, polo que se aproba o catálogo das paisaxes de Galicia. Os sistemas de información xeográfica.

Tema 55. Sustentabilidade urbana e territorial. Novos referentes de desenvolvemento urbano sostible. Os ecobarrios.

Tema 56. A lei en materia de igualdade aplicable ás entidades locais: Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes e Lei 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Tema 57. Caracterización e afección da paisaxe. Restauración e xestión de área degradadas.

Tema 58. Infraestruturas e paisaxe.

Tema 59. Relación entre arte, paisaxe e contorna na historia. Modelos de integración entre dotación cultural e contorna.

Tema 60. Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Guía para a protección do Camiño de Santiago e guía de boas prácticas para as actuacións no Camiño de Santiago.

Tema 61. Metodoloxía da diagnoses e informes de patoloxías de edificios existentes.

Tema 62. Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Tema 63. Lexislación estatal e autonómica de estradas. Lexislación do sector ferroviario.

Tema 64. Lexislación sobre augas. Lexislación sobre espazos naturais.

Tema 65. Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Tema 66. Lei 82/12, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia: disposicións xerais, vivendas protexidas e actuacións de protección.

Tema 67. Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental: avaliación ambiental estratéxica de plans e programas e avaliación de impacto ambiental de proxectos.

Tema 68. Lei 13/2010, do 17 de decembro do comercio interior de Galicia.

Tema 69. A Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia

Tema 70. Decreto 144/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económica e apertura de establecementos. Incidencia ambiental.

Tema 71. Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Parte IV

Tema 72. Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. Disposicións xerais.

Tema 73. Actuacións sobre o medio urbano e áreas de intervención no medio urbano declaradas pola Administración autonómica.

Tema 74. Coordinación administrativa para a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas e a súa financiamento.

Tema 75. Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación: disposicións xerais, exigencias técnicas e administrativas da edificación, axentes da edificación, responsabilidades e garantías.

Tema 76. A organización, o planeamento, a motivación e o control dos recursos na xestión e dirección de proxectos.

Tema 77. Código técnico da edificación. disposicións xerais, condicións técnicas e administrativas e exigencias básicas. Contido do proxecto e documentación do seguimento de obras.

Tema 78. Documento básico SE de seguridade estrutural: resistencia e estabilidade. Aptitude ao servizo.

Tema 79. Documento básico SI de seguridade en caso de incendio.

Tema 80. Documento básico SUA de seguridade de utilización e accesibilidade

Tema 81. Documento básico HS de salubridade. Documento básico HR de protección fronte ao ruído. Documento básico HE de aforro de enerxía.

Tema 82. O terreo e o estudo xeotécnico.

Tema 83. Seguridade e saúde nas obras de construción na Lei 31/1996, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e no Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

Tema 84. Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

Tema 85. Decreto 128/16, do 25 de agosto, polo que se regula a certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 86. Recomendacións da guía de arquitectura pasiva en edificación do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Tema 87. Normas de habitabilidade de vivendas en Galicia: Decreto 29/2010, do 4 de marzo de 2010.

Tema 88. Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas: Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade e Decreto 30/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución de la Lei e o código de accesibilidade.

Tema 89. Fundamentos do modelado de información para edificación. Conceptos básicos e ferramentas BIM.

Tema 90. Mantemento integral na edificación. Obrigas legais de manter.

2. Técnico/a especialista en Recursos Humanos e Formación Profesional (A2).

Exercicios:

Fase previa: proba de tradución conforme á cláusula g) da base cuarta.2.

Fase de oposición.- Exercicios:

1. Teórico-escrito: test sobre as materias do temario: 60 preguntas. A valoración será de 0 a

10 puntos, quedando eliminados os que non obteñan 5 puntos.

Tempo de desenvolvemento: unha hora.

2. Teórico-escrito: consistirá en desenvolver por escrito dous temas do temario da parte II e III elixidos polos aspirantes de entre catro extraídos ao azar polo tribunal. Valorarase o contido, grao de coñecementos amosado e claridade no desenvolvemento da proba. A valoración será de 0 a 10 puntos, quedando eliminados os que non acaden 5 puntos. Tempo de desenvolvemento: unha hora e trinta minutos.

3. Práctico-escrito: consistirá en desenvolver por escrito un informe e proposta de resolución sobre dous supostos prácticos en relación cos contidos da parte III do temario determinados polo tribunal inmediatamente antes da proba. Tempo de desen-



volvemento: dúas horas e media (2 horas e 30 minutos). Pódese utilizar lexislación. Valorarase a profundidade de coñecementos, claridade e rigor na exposición e a adecuación das conclusións. A valoración será de 0 a 10 puntos, quedando eliminados os que non obteñan 5 puntos.

Co fin de cumprir co establecido na base décimo terceira.2, o coeficiente de ponderación para aplicar no resultado da totalidade dos exercicios é de 1,25.

Temario

Parte I

Tema 1. O concepto de Constitución. Os principios constitucionais. Estado español como estado social e democrático de dereito. A forma política do Estado: a monarquía parlamentaria. Atribucións da Coroa. Os dereitos fundamentais na Constitución española.

Tema 2. As Cortes Xerais. Congreso dos Deputados e Senado. Composición e funcións. Órganos dependentes das Cortes Xerais: o Tribunal de Contas e o Defensor do Pobo. O Goberno e o seu presidente. Funcións, réxime e potestades no sistema constitucional español. Composición do Goberno.

Tema 3. A regulación constitucional da xustiza: o poder xudicial. O Consello Xeral do Poder Xudicial: organización e competencias. O Tribunal Supremo. Os tribunais superiores de xustiza. O Ministerio Fiscal. O Tribunal Constitucional.

Tema 4. A organización territorial do Estado: conceptos xerais. As comunidades autónomas.

Tema 5. A autonomía galega: orixe e evolución. O Estatuto de autonomía de Galicia Estrutura e contido. A reforma do estatuto.

Tema 6. Organización política da Comunidade Autónoma de Galicia. As institucións de autogoberno de Galicia: descrición. Sede. A administración de xustiza de Galicia.

Tema 7. O réxime local español: a autonomía local. O municipio: organización fundamental e competencias. A provincia de réxime común no réxime local español. As deputacións provinciais: organización e competencias.

Tema 8. A lei en materia de igualdade aplicable ás entidades locais: Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes e Lei 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Tema 9. As administracións públicas na Constitución: principios constitucionais informadores.

Concepto e clases de administración públicas.

Tema 10. A actividade administrativa: a clasificación tradicional das formas de acción administrativa.

Tema 11. As fontes do dereito administrativo: constitución, leis e regulamentos. Referencia ás ordenanzas locais. O acto administrativo: concepto e clases.

Tema 12. O procedemento administrativo: concepto e especialidades. O procedemento administrativo electrónico na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Fases do procedemento e principais trámites.

Tema 13. O Estatuto básico do empregado público e a Lei do emprego público de Galicia. Clases de persoal ao servizo das administracións públicas. Ordenación da actividade profesional: planificación de recursos humanos e estruturación do emprego público.

Tema 14. O patrimonio das entidades locais. Clases de bens. Conservación e tutela dos bens. As potestades de investigación, deslindamento e recuperación de oficio. Uso dos bens de dominio público local.

Tema 15. O servizo público local. Os servizos mínimos obrigatorios. Os modos de xestión dos servizos públicos. Xestión directa e indirecta.

Tema 16. Orzamentos das entidades locais: principios, integración e documentos de que constan. Proceso de aprobación de orzamento local. Execución e liquidación do orzamento.

Parte II

Tema 17. Procedemento de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais. O administrado. Colaboración e participación dos cidadáns nas funcións administrativas. O principio de audiencia ao interesado.

Tema 18. As formas de actividade administrativa. O fomento: especial referencia ás subvencións. O servizo público.

Tema 19. Os contratos administrativos, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público: concepto e clases de contratos. Peculiaridades dos contratos suxeitos a regulación harmonizada. Procedementos de contratación.

Tema 20. Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Procedementos de elaboración e aprobación. Os bandos.

Parte III

Tema 21. Sistemas de ingreso na Administración e de selección dos empregados públicos. Acceso ao emprego público e adquisición da relación de servizo: requisitos, órganos e sistemas de selección. Extinción ou perda da relación de servizo. Os procesos de selección de persoal na Administración local.

Tema 22. Dereitos e deberes dos traballadores públicos. Dereitos xerais dos empregados públicos; retribucións e indemnizacións; xornada laboral, horario de traballo, permisos e vacacións. Deberes dos empregados públicos; código de conduta; réxime disciplinario, faltas, sancións, e procedementos de aplicación. Réxime de incompatibilidades.

Tema 23. Situacións administrativas do persoal, ocupación de postos de traballo e mobilidade dos empregados públicos. Principios e procedementos: ocupación de postos e cobertura de prazas; concursos e libre designación. Ocupación específica de funcionarios con habilitación de carácter estatal: formas, exencións e excepcións. Mobilidade dos funcionarios entre administracións públicas.

Tema 24. A promoción profesional e a carreira administrativa dos empregados públicos. A carreira administrativa: concepto, previsión legal, elementos (grao persoal, promoción vertical e horizontal). Incidencia da formación continua na carreira profesional.

Tema 25. Competencias profesionais e avaliación do desempeño: características, elementos metodolóxicos e sistemas de valoración. Niveis de desenvolvemento profesional e capacidades asociadas. A avaliación do desempeño do empregado público para os efectos retributivos, de promoción e como condicionante da continuidade no posto de traballo.

Tema 26. O persoal laboral ao servizo da Administración local: réxime xurídico, peculiaridades, selección e postos de traballo para desempeñar. Clases de contratos: a contratación laboral e as súas modalidades e limitacións. Dereitos e deberes dos traballadores. Persoal laboral de alta dirección no desempeño de funcións directivas. Funcionarización do persoal laboral.

Tema 27. Instrumentos de xestión do persoal das administracións públicas: contido, procedemento de elaboración, aprobación e alcance. Planificación e organización dos servizos na Administración local; a estrutura organizativa e os organigramas; os postos de traballo e as prazas do cadro de persoal.

Tema 28. Instrumentos de ordenación dos recursos humanos no ámbito local: cadros de persoal, catálogos e relacións de postos de traballo. Plans e ofertas de emprego público.



Tema 29. Órganos de representación e participación do persoal ao servizo das administracións públicas. A negociación colectiva: marco xurídico, carácter e condicionamentos. Persoal funcionario: pactos e acordos; materias de obrigada negociación. Persoal laboral: convenios colectivos; natureza e límites á negociación.

Tema 30. Réxime de responsabilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. A responsabilidade administrativa dos traballadores públicos locais. Aplicación da normativa de protección de datos de carácter persoal nas entidades locais. A prevención de riscos laborais na Administración local. Formación profesional

Tema 31. Marco normativo do sistema educativo español: a LOXE, a LOXSE e a LOE. A formación profesional no marco do sistema educativo: concepto, finalidade e obxecto; principios e evolución. Os programas nacionais de formación profesional, o sistema nacional de cualificacións e formación profesional e o catálogo nacional de cualificacións profesionais.

Tema 32. Modalidades da formación profesional en España: a formación profesional regulada, a formación profesional ocupacional e a formación profesional continua. Ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo español: currículos; títulos e certificados, ciclos formativos e módulos profesionais.

Tema 33. A estratexia europea para a cualificación e o emprego. O programa operativo adaptabilidade e emprego 2014-2020. O acordo nacional de formación profesional para o emprego: fins e principios xerais do sistema, eixes e liñas de actuación.

Tema 34. O actual subsistema de formación profesional para o emprego: fins e principios, destinatarios, accións e plans de formación, programas e accións complementarias. Calidade, avaliación, seguimento e control da formación. A Fundación Tripartita da Formación para o Emprego.

Tema 35. A formación profesional en Galicia. O II Plan galego de formación profesional. Os ciclos formativos da FP en Galicia: organización e modalidades (graos e réximes), metodoloxías e formas de ensino, sistemas de acceso, procesos de avaliación, forma de acreditar as competencias e validacións.

Tema 36. A formación profesional ocupacional e continua en Galicia. Os programas de formación para o emprego e accións do Plan nacional de formación e inserción profesional. Normativa xeral, especialidades formativas, unidades de competencia e módulos transversais, homologación de especialidades profesionais.

Tema 37. Cursos do Plan FIP: convocatoria, programación e instrucións. Alumnado dos cursos (dereitos e deberes, procedementos de selección e axudas), profesorado (catálogo de expertos docentes, procedemento de selección e contratación), mecanismos de xestión, control e seguimento dos cursos, e diplomas e certificados.

Tema 38. A formación profesional continua dos empregados públicos. Concepto, orixe e evolución da formación continua na administración. Os acordos nacionais de formación continua nas administracións públicas.

Tema 39. O papel das diferentes administracións públicas no sistema de formación continua e a súa adecuación á Lei das cualificacións e da formación profesional. Desenvolvemento estratéxico dos recursos humanos nas administracións públicas. Modelos de xestión dos recursos humanos e da formación na Administración local.

Tema 40. Marco normativo vixente da formación continua nas administracións públicas. O IV Acordo de Formación Continua nas Administracións Públicas (IV AFCAP): contido e o seu desenvolvemento.

Tema 41. Bases reguladoras para o desenvolvemento dos plans de formación no marco do IV AFCAP. Tipos de plans de formación

e de promotores. Estrutura e contido dos plans de formación. Elaboración, negociación, tramitación e xestión dos plans.

Tema 42. Financiamento dos plans de formación continua nas administracións públicas. Réxime de subvencións e axudas para o desenvolvemento de plans de formación no marco do IV AFCAP.

Tema 43. O papel da Comisión xeral para a formación continua e o da Comisión de formación continua para a Administración local (CFCAL). Valoración e aprobación dos plans de formación nas administracións públicas; procedemento e criterios.

Tema 44. Técnicas de estudo, detección e avaliación de necesidades formativas nas administracións públicas. A análise e o diagnóstico das necesidades formativas e a planificación da formación nas entidades locais: metodoloxía, obxectivos, principios, soportes e modelos.

Tema 45. Procesos e estilos de aprendizaxe e as súas consecuencias na planificación da formación nas administracións públicas. Análise do deseño de accións formativas para a elaboración de plans de formación: destinatarios, programación, temporalización, obxectivos, contidos, metodoloxía e avaliación.

Tema 46. Áreas preferentes de mellora e formación profesional para o persoal das administracións públicas. Ensinanzas en materia de novas tecnoloxías da información e das comunicacións, idiomas da unión europea e prevención de riscos laborais. O marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino e avaliación. A formación dos traballadores públicos en lingua galega.

Tema 47. Métodos para a avaliación dos resultados da formación nas administracións públicas. O modelo metodolóxico de avaliación dos resultados da formación: características xerais, procedementos e fases, instrumentos e ferramentas, e estrutura e contido do informe final.

Tema 48. Sistemas de avaliación do impacto das accións formativas nas administracións públicas. O modelo metodolóxico de avaliación do impacto da formación: características xerais, procedementos e fases, instrumentos e ferramentas, e estrutura e contido do informe final.

Tema 49. O Instituto Nacional de Administración Pública (INAP). Historia e evolución, labor do INAP nos seus anos ao servizo das administracións públicas. Orixe, fins e obxectivos. Estrutura, organización e servizos.

Tema 50. O papel do INAP na formación continua do persoal da Administración local. Funcións, evolución e labor do Centro de Estudos Locais e Territoriais do INAP. O portal de formación continua dos empregados públicos do Ministerio de Administracións Públicas (MAP): contido, funcionamento e servizos.

Tema 51. O labor da Federación Española de Municipios de Provincias (FEMP) no eido da formación continua. A dirección de Formación e Estudos da FEMP: orixe, departamentos e funcións.

Tema 52. A Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Orixe, fins, misións e obxectivos. Estrutura, organización e servizos. A formación e a investigación como piares básicos da actuación da EGAP.

Tema 53. Regulación e sistema de acceso do alumnado e do profesorado ás accións formativas da EGAP. Condicións xerais de participación dos alumnos. Procedementos de selección, requisitos e clasificación dos formadores.

Tema 54. O papel da EGAP na formación continua do persoal da Administración local de Galicia. Funcións e labor do Servizo de Administración Local de EGAP.

Tema 55. A Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). Orixe, fins, evolución e funcións. Estrutura, organización e servizos. A formación e a investigación como principais liñas de actuación da AGASP.



